



## AFECTO Y DESDÉN

### Música teatral e instrumental do Barroco hispanoamericano e italiano

Gemma Román: soprano

Victor Blanco: arpa de dúas ordes e guitarras barrocas

Adrián Esperón: teorba e guitarra barroca

Pablo Ruibal: viola da gamba baixo, *dessus de viole* e guitarra barroca

Lucas Ruiz de Ribayaz (1626-ca.1677): *Españoletas*

José Marín (1618 -1699): *Que dulcemente suena*

José Marín: *Ojos pues me desdeñáis!*

Antonio Martín y Coll (1660-1734): *Chacona*

Juan Hidalgo (1614-1685): *Cuidado pastor*

Santiago de Murcia (1673-1739): *Canarios*

Juan Hidalgo: *Recelos, cuidados*

Henri du Bailly (1590-1637): *Yo soy la locura*

Anónimo del manuscrito Guerra (ca. 1680): *A quien me quexaré / son tus descuydos*

Lucas Ruiz de Ribayaz: *Xácaras*

José Marín: *No piense Menguilla*

Pausa

-Tarquino Merula (1595-1665): *Folle è ben que si crede*

- Barbara Strozzi (1619-1677): *Che si può fare*

- Andrea Falconieri (1585-1656) *La soave melodia*

-Claudio Monteverdi (1567-1643): *Si dolce'l tormento*

-Girolamo Frescobaldi (1583-1643): *Se l'aura spira*

\*\*\*\*\*

Afecto y desdén realiza neste concerto nun recorrido histórico por algunhas das pezas máis interesantes e coñecidas do século XVII no ámbito do teatro hispano e italiano. As obras vocais presentan unha estrutura similar baseada na chamada *seconda prattica*, unha textura de melodía -cantada ou tocada- acompañada dun baixo cifrado harmónico mentres as pezas instrumentais están máis ben baseadas en variacións sobre un *basso ostinato*, isto é un patrón de acordes que se repite cun ritmo determinado.



Na parte española do programa destaca a presenza de dous compositores moi diferentes: Juan Hidalgo de Polanco, arpista e compositor da Capilla Real de Felipe II creador de zarzuelas e música teatral na que destaca compoñendo Tonos, a forma predilecta da canción no barroco español. Xunto a Hidalgo aparece no programa José Marín, clérigo, cantor e guitarrista. Marín tuvo unha vida axitada, foi un verdadeiro aventureiro coas súas glorias e as súas miserias: empezou como cantante tamén na Capilla Real de Felipe IV e logo se ordenou en Roma como sacerdote, viaxou máis tarde ás Indias e terminou de volta en Madrid onde levou unha vida disipada que lle conduciu ao delito. Marín foi finalmente apresado xunto con Juan Bautista Diamante, un dramaturgo coñecido do Siglo de Ouro español polo *hurto con morte de Aponte*: ambos foron acusados de roubo e asasinato, e máis tarde torturados e encerrados. De Marín dise que a súa voz fíxose famosa no penal onde estaba preso.

*(...) á Marín le tienen en una torre de la cárcel de corte, en el chapitel, en lo más estrecho, que apenas cabe un hombre, con unos grillos de 40 libras y una cadena de cuatro arrobas, enjaulado como pájaro, para que con la dulce voz que tiene pueda entretenerse cantando (1656)*

De Marín se conservan 51 tonos acompañados de guitarra en estilo punteado, cancións de estilo casi popular, aparentemente sinxelas mais cheas de retrueques rítmicos e xiros melódicos especificamente hispanos. Alonxado de artificios harmónicos e ornamentais, Marín anota os Tonos casi como si de cancións de tradición oral se tratase e o seu estilo entronca máis coa canción popular, no que sabemos ademais que a guitarra foi o instrumento principal en España.

Xunto a estes dous autores aparecen outros non menos notables no ámbito instrumental como o prolífico compositor e organista Antonio Martín y Coll, o guitarrista Santiago de Murcia ou o arpista Lucas Ruiz de Ribayaz dos que se fan aquí versións de danzas baseadas en ritmos e harmonías codificadas en fórmulas, como xa se dixo. Algunhas destas fórmulas coñecidas popularmente como as Xacaras, Pasacalles, Chaconas, Españaletas, etc, non só se difundiron por toda Europa senón –e máis importante– polo Novo Mundo en cuio folklóre aínda atopamos vestixios destas composicións xunto aos instrumentos cos que se tocan, harpas, guitarras, charangos etc, instrumentos derivados todos eles dos levados polos colonizadores españois e portugueses.

Respecto á parte italiana, trátase dunha pequena mostra dun repertorio moito máis coñecido no ámbito tradicional da música do Barroco: case todos estes autores viviron e traballaron na primeira metade do século XVII e todos eles son músicos célebres cunha traxectoria coñecida e un catálogo amplo de obras diversas, moi estudias e tamén moi interpretadas. O enorme e excelente repertorio italiano do *Seicento* forma parte da historia fundamental da Historia Xeral da música e o seu uso e coñecemento está, como sabemos, moito máis estendido que o hispánico.

Mentres que en España, aínda que sabemos que a vida musical estivo tremendamente activa en currais e teatros, aínda temos pouca música profana escrita do século XVII. En Italia, pola contra, o volume de libros impresos, pezas e autores é abraiante Estes repertorios mostrados hoxe ilustran á perfección dúas culturas con enfoques moi diferentes e curiosos paradoxos.